



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Setembro 2015

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2015

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Setembro 2015


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un aumento do 7,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,3 puntos máis que no mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,5%, 0,9 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 8,4% e os Outros servizos o 3,9%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,6% e en España un 2,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de setembro. Galicia é a cuarta comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un crecemento do 7,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,3 puntos máis que no mes de agosto. O índice para España amosa un aumento do 5,5% respecto ao mes de setembro de 2014, 0,9 puntos superior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O *Comercio* en Galicia incrementa a súa facturación un 8,4% e achega 6,3 puntos a taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan un 3,9% e achegan 0,9 puntos. En España o *Comercio* crece un 5,6% e os *Outros servizos* un 5,3%.

O *Comercio por xunto* é o sector que maior repercusión positiva ten no índice xeral, 5,0 puntos, cun crecemento do 10,4%. En España este sector crece o 5,7% co que achega 2,1 puntos á taxa de variación do índice xeral.

A *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio ao retalho* son os outros sectores que máis achegan ao crecemento do índice xeral, oito e seis décimas respectivamente. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta a súa facturación o 18,0%, 1,2 puntos menos que en España (19,2%). O *Comercio ao retalho* crece un 2,3%, seis décimas máis que no conxunto do Estado (1,7%).

No que vai de ano, a cifra de negocios aumenta un 4,5% en Galicia, debido principalmente ao *Comercio por xunto* que, cun aumento do 5,4%, achega 2,6 puntos á taxa de variación acumulada. Todos os sectores rexistran crecementos positivos no conxunto do ano.

En España a cifra de negocios aumenta tres décimas máis que en Galicia, 4,8%. Tamén todos os sectores amosan taxas acumuladas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,3% no mes de agosto. Este incremento débese ao *Comercio*, que cun incremento do 5,7%, achega 2,5 puntos á taxa do índice xeral e á *Hostalería*, que aumenta o 6,5% e achega 1,3 puntos.


No conxunto do ano, o índice aumenta un 5,1%. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (-0,3%). As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* rexistran o maior crecemento (12,0%).

1.3. Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 7,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,3%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de setembro todas comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en Illes Balears (8,1%), Extremadura (7,7%), La Rioja (7,4%) e Galicia (7,2%).

As comunidades nas que menos crece a facturación son Canarias (0,6%), Castilla y León (2,1%) e Cantabria (3,1%).

No conxunto do ano, Illes Balears (7,1%), Comunitat Valenciana (6,4%) e Cataluña (6,3%) son as comunidades onde máis se incrementa a facturación no sector servizos. Aragón (2,5%), Castilla y León (2,5%) e Canarias (2,3%) son as comunidades con menores incrementos.


2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,6% respecto ao mes de setembro de 2014, cinco décimas menos que en España (2,1%).

O incremento do persoal ocupado débese principalmente á *Hostalería* e ás *Actividades administrativas e servizos auxiliares* que, cun crecemento do 5,1% cada unha, achegan oito e sete décimas respectivamente á taxa de variación do índice xeral.

En senso contrario, os sectores que máis incrementan a súa cifra de negocios no mes de setembro son os que peores datos de emprego amosan: o *Comercio por xunto* perde o 1,8% dos ocupados e *Venta e reparación de vehículos de motor* perde o 1,1%. O outro sector que diminúe o seu persoal é *Información e comunicacións* (-0,1%).



En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,3%).

No acumulado do ano, o emprego crece en Galicia oito décimas menos que en España, 1,2% fronte a 2,0%.

O *Comercio por xunto* é o sector que peor comportamento rexistra no que vai de ano, cunha diminución do persoal ocupado do 3,9%. A *Venta e reparación de vehículos de motor* e *Información e comunicacións* tamén perden persoal no que vai de ano, -0,7% e -0,2% respectivamente. En senso contrario, o sector que mellor comportamento presenta neste ano é *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, cun incremento na ocupación do 5,1%.

En España, todos os sectores incrementan o emprego no que vai de ano. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* rexistran o maior crecemento (4,9%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de setembro. Os maiores incrementos danse en La Rioja (4,1%), Extremadura (3,9%) e Murcia (3,6%).

Castilla-La Mancha (0,6%), Andalucía (0,7%) e Asturias (0,8%) son as comunidades onde menos crece a ocupación.

No conxunto do ano, La Rioja (3,7%) e Murcia (3,4%) son as comunidades onde máis se incrementa o emprego, mentres que Asturias e Castilla y León (0,9%) son as comunidades con menores crecementos.

Índices de persoal ocupado. Setembro 2015

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Setembro 2015

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,7	7,2	4,5
Comercio	109,2	8,4	4,3
Venta e reparación de vehículos de motor	93,5	18,0	8,0
Comercio por xunto	120,7	10,4	5,4
Comercio ao retalho	92,9	2,3	1,5
Outros servizos	101,1	3,9	5,3
Transporte	112,7	1,4	2,7
Hostalería	98,0	6,7	9,3
Información e comunicacións	81,6	2,7	1,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	89,7	1,9	5,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	125,7	12,1	13,1
España			
Xeral	99,2	5,5	4,8
Comercio	97,2	5,6	5,1
Venta e reparación de vehículos de motor	96,0	19,2	19,9
Comercio por xunto	100,4	5,7	4,8
Comercio ao retalho	91,8	1,7	1,5
Outros servizos	102,7	5,3	4,5
Transporte	109,0	4,0	4,5
Hostalería	116,9	5,4	4,7
Información e comunicacións	93,3	3,9	2,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	90,1	6,6	4,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,6	8,0	7,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Setembro 2015

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	102,6	5,3	5,1
Comercio	101,8	5,7	3,9
Transporte	116,0	2,4	4,0
Hostalería	99,6	6,5	9,1
Información e comunicacións	79,8	3,0	2,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	103,0	2,8	-0,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,6	10,9	12,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Setembro 2015**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	99,2	5,5	4,8
Andalucía	94,7	6,7	4,4
Aragón	100,0	5,7	2,5
Asturias	94,0	6,3	3,3
Baleares, Illes	136,3	8,1	7,1
Canarias	103,4	0,6	2,3
Cantabria	91,7	3,1	4,0
Castilla y León	96,2	2,1	2,5
Castilla-La Mancha	94,4	4,3	4,0
Cataluña	102,6	5,7	6,3
Comunitat Valenciana	99,5	6,2	6,4
Extremadura	94,0	7,7	5,6
GALICIA	107,7	7,2	4,5
Madrid	95,7	4,9	4,5
Murcia	94,6	5,1	4,4
Navarra	96,1	6,0	3,7
País Vasco	98,9	6,9	4,3
Rioja, La	102,8	7,4	5,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Setembro 2015

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	97,3	1,6	1,2
Comercio	93,3	-0,6	-0,8
Venta e reparación de vehículos de motor	84,2	-1,1	-0,7
Comercio por xunto	88,9	-1,8	-3,9
Comercio ao retalho	97,6	0,2	0,8
Outros servizos	100,6	3,3	2,8
Transporte	98,4	0,5	1,1
Hostalería	95,0	5,1	2,9
Información e comunicacións	85,5	-0,1	-0,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	101,4	3,2	3,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,1	5,1	5,1
España			
Xeral	99,7	2,1	2,0
Comercio	97,0	1,7	1,4
Venta e reparación de vehículos de motor	90,4	1,9	1,8
Comercio por xunto	98,3	2,1	2,0
Comercio ao retalho	97,5	1,3	0,9
Outros servizos	101,5	2,3	2,4
Transporte	97,8	2,0	1,8
Hostalería	106,0	1,9	1,4
Información e comunicacións	96,6	2,7	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	96,4	1,0	1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,7	4,3	4,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Setembro 2015**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	99,7	2,1	2,0
Andalucía	98,1	0,7	1,5
Aragón	96,9	1,5	1,6
Asturias	94,0	0,8	0,9
Baleares, Illes	121,4	2,4	2,5
Canarias	101,4	3,2	1,8
Cantabria	100,1	1,1	1,4
Castilla y León	96,8	1,2	0,9
Castilla-La Mancha	98,8	0,6	1,7
Cataluña	103,5	3,3	3,0
Comunitat Valenciana	97,8	2,9	2,2
Extremadura	101,2	3,9	2,7
GALICIA	97,3	1,6	1,2
Madrid	96,7	1,5	1,5
Murcia	101,3	3,6	3,4
Navarra	101,9	1,9	2,9
País Vasco	102,1	2,6	2,3
Rioja, La	103,3	4,1	3,7

Fonte: INE